

**MEDIDAS DE PREVENCIÓN FRONTE Á COVID-19 NOS  
ACTOS OU EVENTOS QUE SE CELEBREN NO TEATRO,  
AUDITORIOS, SALÓNS DE ACTOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO  
OU EN ESPAZOS AO AIRE LIBRE**

## MODIFICACIÓNS REALIZADAS

Debido á evolución da situación de emerxencia de saúde pública ocasionada pola COVID-19, a normativa está a sufrir cambios polo que nos vemos na necesidade de revisar este documento para actualizalo en función da normativa vixente.

Neste caso e para cumprir coa «Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia» realízanse as seguintes modificacións:

**Vigo, Ourense e Pontevedra.-** Aplícanse as medidas correspondentes ao nivel de restrición indicado no Anexo II, D) nivel de restricións media baixa:

Realízanse as seguintes modificacións:

A) No apartado **MEDIDAS PREVENTIVAS A ADOPTAR PARA AS PERSOAS QUE ORGANIZAN O ACTO OU EVENTO** modifícase o punto “b.” quedando coa seguinte redacción:

- b. O uso de máscara será obrigatorio no interior do edificio onde se celebre o acto, aínda que se manteña a distancia de seguridade de 1,5 metros. O uso de máscara será obrigatorio no exterior cando non se manteña a distancia de seguridade interpersonal de polo menos 1,5 metros. A máscara deberá cubrir dende a parte do tabique nasal ata o queixo incluído e non estará provista de válvula exhalatoria.

B) No apartado **MEDIDAS PREVENTIVAS A ADOPTAR PARA AS PERSOAS QUE ORGANIZAN O ACTO OU EVENTO** modifícase o punto “c.” quedando coa seguinte redacción:

- c. Nas actividades que se conte con asentos preasignados e que se efectúen cos asistentes sentados en espazos pechados será suficiente que se manteña un asento de separación, ou un espazo equivalente á dimensión dun asento no caso de que estes non sexan fixos, entre os distintos grupos de persoas conviventes asistentes sentados na mesma fila de asentos, así como inmediatamente diante e detrás.

Modifícase o punto “j.” quedando coa seguinte redacción:

- j. Os asentos sinaláranse de forma que se identifiquen os que se poden utilizar. Deberán inhabilitarse as butacas que non cumpran cos criterios de distanciamento físico. Evitarase no posible, o paso de persoas entre filas que supoña non respectar a distancia de seguridade

Modifícase o primeiro parágrafo do apartado **RESTRICIÓN**:

Os actos ou eventos que se celebren no teatro, auditorios ou salóns de actos, poderán desenvolverse, sen superar o setenta e cinco por cento da capacidade permitida, sempre que o público asistente permaneza sentado e cun límite máximo de cincocentas persoas para lugares pechados e de mil persoas se se trata de actividades ao aire libre. En todo caso, deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersonal.

## INTRODUCCIÓN

A epidemia da COVID-19 require a adopción de importantes medidas de contención, individuais e colectivas. Seguindo a información e as recomendacións das autoridades sanitarias, o Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Universidade de Vigo, redacta este documento que recolle as medidas de prevención e hixiene fronte á COVID-19 que se deberán aplicar nos actos ou eventos celebrados no teatro, auditorios, salóns de actos da Universidade de Vigo ou en espazos ao aire libre, para garantir a saúde dos asistentes.

## MEDIDAS PREVENTIVAS XERAIS PARA AS PERSOAS ASISTENTES AO ACTO OU EVENTO

- a. Non acudirán as persoas que presenten síntomas compatible coa COVID-19 (febre ( $>37^{\circ}\text{C}$ ), tose e sensación de falta de aire, dificultade para respirar, perda de olfacto e/ou do gusto, diarrea, dor de garganta, dor muscular, dor de peito ou cansazo xeneralizado).
- b. O uso de máscara será obrigatorio no interior do edificio onde se celebre o acto, aínda que se manteña a distancia de seguridade de 1,5 metros. O uso de máscara será obrigatorio no exterior cando non se manteña a distancia de seguridade interpersoal de polo menos 1,5 metros. A máscara deberá cubrir dende a parte do tabique nasal ata o queixo incluído e non estará provista de válvula exhalatoria.
- c. Accederán pola porta que se lles asigne.
- d. Gardarase en todo momento a distancia de seguridade interpersoal como mínimo de 1,5 metros.
- e. Respetarán os sentidos de circulación nos corredores.
- f. A ocupación máxima para o uso dos aseos estará indicada na súa entrada.
- g. No caso de que haxa ascensor, este utilizarase só cando sexa necesario e a súa ocupación máxima será do 50 % da súa capacidade priorizando o uso individual. Utilizaranse preferentemente as escaleiras.
- h. Procurarán non manter conversacións nos corredores ou nas zonas de tránsito para evitar aglomeracións.
- i. Evitaranse os saúdos con contacto físico.

## MEDIDAS PREVENTIVAS A ADOPTAR PARA AS PERSOAS QUE ORGANIZAN O ACTO OU EVENTO

- a. En canto á distancia social e acceso gradual ao espazo onde se celebre o acto ou evento:
  - Estableceranse medidas para que as persoas asistentes accedan ordenadamente aos lugares reservados para eles evitando cruces e permitindo gardar a distancia de seguridade como mínimo de 1,5 metros en todo momento. Pódense utilizar carteis informativos ou enviar coa invitación o lugar que debe ocupar cada asistente.
  - A entrada e a saída das persoas asistentes deberá producirse de forma dirixida e gradual, deseñando circuítos específicos e claramente sinalizados. A sinalización pódese realizar mediante cintas ou marcadores no chan. A apertura de portas realizarase con antelación suficiente para permitir un acceso gradual.
- b. Colocarase carteis indicativos na entrada coas indicacións sobre as normas sanitarias vixentes:
  - Distancia de seguridade interpersoal como mínimo de 1,5 metros.
  - Uso de máscara obrigatorio para todos os asistentes e participantes, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal.
  - Aforos.
- c. Nas actividades que se conte con asentos preasignados e que se efectúen cos asistentes sentados en espazos pechados será suficiente que se manteña un asento de separación, ou un espazo equivalente á dimensión dun asento no caso de que estes non sexan fixos, entre os distintos grupos de persoas conviventes asistentes sentados na mesma fila de asentos, así como inmediatamente diante e detrás.
- d. As persoas que controlen o acto ou evento velarán por que todos os asistentes estean provistos de máscara. Nas butacas ou asentos, as persoas asistentes non poderán quitar a máscara. Disporase de algunhas máscaras ante a posibilidade de que alguén, por calquera circunstancia, necesite unha. Tamén é importante dispor de solucións alcohólicas á entrada da sala de celebración do acto ou evento e recomendar o seu uso. Isto pode facerse a través de carteis indicativos.

- e. Antes do comezo do acto ou evento aumentárase o volume de renovación do aire.
- f. A ocupación máxima para o uso dos aseos estará indicada na súa entrada. Será dunha persoa para espazos ata 4 metros cadrados, salvo no caso de persoas que poidan precisar asistencia; nese caso, tamén permitirase a utilización polo seu acompañante. Para aseos de máis de 4 metros cadrados que contén con máis dunha cabina ou urinario, a ocupación máxima será do 50% do número de cabinas e urinarios que teña a estancia. Deberá reforzarse a limpeza e desinfección dos aseos garantindo sempre o estado de salubridade e hixiene dos mesmos e das zonas adxacentes.
- g. No caso de que haxa ascensor, este utilizarase só cando sexa necesario e a súa ocupación máxima será do 50 % da súa capacidade priorizando o uso individual. Utilizaranse preferentemente as escaleiras.
- h. Os asistentes e participantes recibirán información sobre as medidas preventivas con antelación, pódense entregar coa invitación ou entrada.
- i. Na invitación ou entrada deberá constar unha completa e rigorosa información do acto. Deberá especificar a hora de entrada, a porta de acceso e o aforo máximo do lugar de celebración.
- j. Os asentos sinaláranse de forma que se identifiquen os que se poden utilizar. Deberán inhabilitarse as butacas que non cumpran cos criterios de distanciamento físico. Evitarase no posible, o paso de persoas entre filas que supoña non respectar a distancia de seguridade.
- k. Transmitirase a información ao responsable de seguridade da Universidade para coordinar as accións dos vixiantes de seguridade e controladores dos accesos que colaboren no acto.
- l. Se foxe necesario, o Gabinete de Comunicación coordinarase cos medios de comunicación e informaralles sobre as medidas preventivas.
- m. A duración do acto ou evento deberá ser o máis breve posible.
- n. No caso de que haxa mesa presidencial, os membros desta deberán ter clara a súa situación nela para evitar cruces ao buscar o seu sitio así como por onde teñen que abandonar a mesa, ben para dirixirse ao atril ou para abandonar a sala ao rematar o acto. A documentación que terán na mesa presidencial será a imprescindible para o seguimento do acto. Todos os membros da mesa terán posta a máscara durante todo o acto.
- o. Nas actuacións que impliquen a participación de **coros, orquestras e outras agrupacións vocais de canto ou musicais**:
  - Todos os compoñentes que non sexan intérpretes de instrumentos de vento ou vocalistas deberán levar máscara durante toda a actuación. Os intérpretes de instrumentos de vento ou vocalistas só quitarán a máscara no momento da súa intervención. Evitarán situarse enfronte doutros intérpretes. Recoméndase o uso doutros elementos como pantallas ou anteparos de separación.
  - Deberán asegurarse que se respecte en todo momento a distancia de seguridade interpersoal entre os integrantes e, polo menos de 3 metros entre estes e o público. Se iso non é posible, reducirase o número de compoñentes de xeito que se cumpra coa dita distancia.
- p. Nas graduacións u outros actos que impliquen a entrega de diplomas, premios etc. estes estarán colocados previamente na butaca asignada á persoa graduada, premiada, condecorada etc., evitando así a circulación dos asistentes pola sala.
- q. Non se realizará ningún evento grupal como cea, merenda, tentempié ou xantar.

## RESTRICIÓN

**Vigo, Ourense e Pontevedra.- Aplícanse as medidas correspondentes ao nivel de restrición indicado no Anexo II, D) nivel de restricións media baixa:**

Os actos ou eventos que se celebren no teatro, auditorios ou salóns de actos, poderán desenvolverse, sen superar o setenta e cinco por cento da capacidade permitida, sempre que o público asistente permaneza sentado e cun límite máximo de cincocentas persoas para lugares pechados e de mil persoas se se trata de actividades ao aire libre. En todo caso, deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersoal.

Deberá existir un rexistro de asistentes ao evento e custodiar este durante un mes despois do evento, coa información do contacto dispoñible para as autoridades sanitarias, cumprindo coas normas de protección de datos de carácter persoal.

En todas as instalacións cubertas dos tres campus deberán realizarse tarefas de ventilación por espazo de polo menos 30 minutos ao comezo e ao final de cada xornada, así como de forma frecuente durante esta e obrigatoriamente ao finalizar cada actividade. No caso da utilización de sistemas de ventilación mecánica, deberá aumentarse a subministración de aire fresco e non se poderá empregar a función de recirculación do aire interior.

Deberán intensificarse as medidas de limpeza e desinfección das instalacións con produtos debidamente autorizados e rexistrados.

O aforo estará indicado á entrada do lugar de celebración.